Considerando que a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, recolle no seu artigo 53, apartado 7, a seguinte previsión normativa:
Artigo 53 Autorización de instalación de transporte, distribución, produción e liñas directas
A Administración Pública competente unicamente poderá denegar a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos na normativa aplicable ou cando teña unha incidencia negativa no funcionamento do sistema.
Considerando que a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu preámbulo que a avaliación ambiental resulta indispensable para a protección do medio ambiente, facilita a incorporación dos criterios de sostibilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da avaliación dos plans e programas e a través da avaliación de proxectos, garántese unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que poidan xerar, o tempo que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.
Considerando que a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, recolle no seu artigo 6, sobre o "ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica", a seguinte previsión normativa:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tLHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



1. Serán obxecto dunha avaliación ambiental estratéxica ordinaria os plans e programas, así como as súas modificacións, que se adopten ou aproben por unha Administración pública e cuxa elaboración e aprobación veña exixida por unha disposición legal ou regulamentaria ou por acordo do Consejo de Ministros ou do Consello de Goberno dunha comunidade autónoma, cando:
a) Establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental e se refiran á agricultura, gandería, silvicultura, acuicultura, pesca, enerxía, minería, industria, transporte, xestión de residuos, xestión de recursos hídricos, ocupación do dominio público marítimo terrestre, utilización do medio mariño, telecomunicacións, turismo, ordenación do territorio urbano e rural, ou do uso do solo;...
Valórase que a falta de sometemento dunha AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA de todo o conxunto do desenvolvemento eólico galego (o recollido na Planificación Eólica de Galiza dependente da Administración Autonómica, e o que se desenvolve de modo independente a través da Administración Xeral do Estado), altera a debida avaliación ambiental que sería de agardar conforme ás previsións recollidas nas seguintes normas de carácter europeo:
- Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro de 2011, relativa a avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. (DOUE L 26 /1 de 28.01.2012)
- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire a participación do público ó acceso a xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197/30, 21-07-01)
Valórase que esta falta de avaliación ambiental estratéxica deriva “nunha incidencia negativa no funcionamento do sistema” e de “inseguridade xurídica”, establecido no 53.7 da Lei sector eléctrico, do seguinte modo:
A) O sistema (referido a produción eólica planificada nun territorio) hai que entendelo coma un todo non fragmentado en partes sometidas a avaliacións ambientais independentes.
A actual expansión eólica, suma da parte que promove a Administración Xeral do Estado e a que desenvolve a Administración Autonómica ( a través do Decreto 302/2001), nin no seu conxunto, nin por separado, se ten sometido a dito proceso de avaliación coma Plan conxunto, conforme o disposto no artigo 6 da Lei 21/2013.
Ocupación eólica dentro da Planificación eólica galega. Non figuran os 2.524 Mw distribuídos en 36 parques que está a tramitar a Administración Xeral do Estado (https://sede.miteco.gob.es/portal/site/seMITECO/navServicioContenido)
B) POR INSEGURIDADE XURÍDICA:
Este escenario de indebida avaliación ambiental incluso vai en contra da previsión de seguridade xurídica prevista na Lei 21/2013, pois xa no seu preámbulo a norma recolle que: “Asimismo, esta lei incrementa a seguridade xurídica dos promotores. O establecemento duns principios aos que debe someterse a avaliación ambiental e o chamamento á cooperación no marco da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente determinará o desenvolvemento dunha lexislación homoxénea en todo o territorio nacional, que permitirá aos promotores coñecer de antemán cales serán as exixencias legais de carácter medioambiental requiridas para a tramitación dun plan, un programa o un proxecto, con independencia do lugar onde pretenda desenvolverse”.
**Consideracións específicas do proxecto:**
**TERCEIRA.- Impacto crítico no Camiño de Santiago, e xacementos arqueolóxicos.**
Valórase especialmente grave a afección paisaxística sobre o último treito do Camiño de Santiago, Santiago-Fisterra. Considerándose un impacto crítico unha das alternativas propostas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Do mesmo modo, preocupa a afección sobre numerosos conxuntos de mámoas, ata un total de 25, considerándose de impacto crítico, pola proximidade dos aeroxeradores.

Resulta inaceptable que o estudio presentado asuma que tanto o impacto sobre o Camiño de Santiago, coma sobre os xacementos arqueolóxicos resulte moderado, e considerando compatible sobre a paisaxe, dado que:

- O treito do Camiño de Santiago, entre Campo de San Pedro Mártir, Portela do Lousado, Alto do Outeiro, e Campolongo, na baixada cara Cee, discorrería a menos de 200 metros de varios aeroxeradores dos previstos nunha das dúas alternativas propostas o 2, 9 e 12, e moi próximos ao 10 e 11.

-O aeroxerador número 12, nunha das alternativas propostas, situaríase a menos de 200 metros do singular fito do camiño que marca o Cruceiro da Armada:

Na guía do Camiño, coñecida como XACOPEDIA, patrocinada pola Xunta de Galicia e Turismo de Galicia, descríbese este treito do Camiño do seguinte modo:

“ *O peregrino que descende da ermida de San Pedro Mártir e dirixe os seus pasos en dirección sudoeste a través das solitarios paraxes do chan de Armada, deixando atrás os Petóns de Armada e Campolongo, vai admirando por primeira vez as amplías paisaxes da comarca de Fisterra. Pero é ao chegar ao punto denominado cruceiro de Armada (247 m) onde é consciente de chegar a un dos fitos máis importantes do seu Camiño. E é que nese punto o peregrino divisaba e divisa por primeira vez o mar da fin do mundo. O vello cruceiro do que apenas quedaban restos ata data recente, so unha parte do seu varal, da paso xa á descarnada baixada que leva a Cee e á costa de Fisterra*”.

- O aeroxerador 3 e 4 afectarían a zona de amortecemento do Petón de Ferreñas. O 3 e o 2 estarían a menos de 400 metros da Ermida de San Pedro Mártir e as Mámoas de San Pedro I e II. O aeroxerador 2 a 500 metros do campo de Mámoas conformado polo conxunto de mámoas do Monte San Pedro e mámoas do Alto das Maias.

- Os aeroxeradores 8 e 9 sitúanse moi próximos ás mámoas de Fonte da Pedra, a Mámoa de Fonsemao II, e nas proximidades dos lugares de Sembra e Carbalizas (menos de 800 metros).

- Os aeroxeradores 7 e 6 próximos as Mámoas de Fonsemao 4,3,e 1. Unha liña subterránea entre o grupo de aeroxeradores 6 e 7 co 8 e 9, cruzaría entre 50 e 200 metros sobre este campo de mámoas.

**CUARTA. A outra alternativa inclúe aeroxeradores dentro do Concello de Fisterra.**

Este Concello, ata estes momentos mantén os seus cumes libres de instalacións , co que vén preservando a singularidade paisaxística da península de Fisterra e o seu cabo, un referente xeográfico universal, visible dende moitos quilómetros do litoral e dende a costa. Do mesmo modo considerase crítico o impacto paisaxístico por todo o que supón o entorno de cumes saíntes sobre o mar que acompañan ao Cabo Fisterra.

A alternativa contempla 2 aeroxeradores, e un terceiro compartido con Cee, localizándose no primeiro alto da península ou saínte xeográfico que conforma este Concello na súa unión con noso.

Que fronte a alternativa de localización dos aeroxeradores 10, 11 e 12, na zona do Cruceiro da Armada en Cee, o promotor propón outra posible localización dentro do Concello de Fisterra (dous integramente e un compartido con Cee), no monte de inicio da península de Fisterra, sobre a zona do Chan da Gándara e Monte de Sardiñeiro, visible dende o Camiño de Santiago no seu último treito. Cunha alta afección paisaxística visible dende o propio Cabo Fisterra, dende o Cabo Touriñán, Monte Pindo, e Faro Lariño, e dende o horizonte marítimo.

**QUINTA. Posible incompatibilidade co heliporto de Ruibo.**

Que á construción deste parque eólico non ten en consideración o disposto no Decreto 1844/1975, de 10 de xullo, polo que se definen as servidumes aeronáuticas correspondentes os heliportos, atopándose os aeroxeradores 4, 5, 6 e 7 a menos de 2000 m da pista de aterrizaxe do Heliporto de Ruibo, cuns aeroxeradores con máis de 178 metros de altura (105 de buxe, e 73 de pala).

Non se presenta estudo aeronáutico e afeccións a servidume e efectos sobre as comunicacións.

Este parque podería supor o peche definitivo dunhas instalacións con menos de 10 anos que nestes momentos están incomprensiblemente pechadas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee
Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



**SEXTA. Afeccións á fauna: sobre a poboación de lobo máis occidental de Europa.**
Que o Estudo de Impacto Ambiental obvia a presenza no lugar coma zona de reprodución de lobo (Canis lupus signatus), especie sometida a Plan de Xestión mediante o DECRETO 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia,e que no seu punto 18 recolle a previsión de considerar sobre esta especie o "efecto barreira das infraestruturas", do seguinte modo:
5. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza fomentará que nas avaliacións de impacto ambiental de proxectos de implantación eólica se inclúan datos sólidos sobre a presenza de lobos nas áreas de influencia e se realice unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc. Ademais, realizarase un estudo de cuestións como a estrutura social das mandas, produtividade, mortalidade, uso do espazo e selección de zonas de cría en zonas con e sen parques eólicos, entre outras, que permitirán avaliar o impacto dos parques eólicos nos lobos.
Considerando que existe na Galiza un importante grado de solapamento entre as áreas de desenvolvemento eólico e as de ocupación de grupos reprodutores de lobo, para o que non se conta con "datos sólidos" sobre as posibles afeccións que se poidan estar dando.
Considerando que na poboación de lobo presente na parte de Portugal, que forma parte da mesma poboación de lobo ibérico *Canis lupus signatus*, tense avaliado por medio de programas de estudo e seguimento científico o efecto de solapamento entre áreas de ocupación eólica e grupos reprodutores de lobos;
Que ditas investigacións indican que un 55% dos grupos existentes en Portugal coinciden con áreas eólicas. Na que dita coincidencia espacial entre lobos e parques eólicos, e o feito, de que constitúen unha potencial fonte de perturbación para a especie, suscita preocupacións entre a comunidade científica, no que respecta á conservación deste carnívoro ameazado.
Que as conclusións de ditas investigacións figuran recollidas en diversa publica-cións científicas, tales como:
- *Chapter 5 The Indirect Impacts of Wind Farms on Terrestrial Mammals: Insights from the Disturbance and Exclusion Effects on Wolves (Canis lupus) Gonçalo Ferrão da Costa, João Paula, Francisco Petrucci-Fonseca and Francisco Álvares.*
*© Springer International Publishing AG 2018 M. Mascarenhas et al. (eds.), Biodiversity and Wind Farms in Portugal, https://doi.org/10.1007/978-3-319-60351-3_5*
Que entre ditas conclusións recollese que "os parques eólicos poden provocar unha inestabilidade reprodutora, quedando reflexada no abandono de centros de actividade máis próximos aos aeroxeradores e na elección de novos lugares de reprodución con índices de calidade de hábitat máis baixos. Estas respostas de comportamento, poden dificultar a conectividade dentro e entre os territorios das mandas, aumentando a inestabilidade reprodutora, especialmente en paisaxes xa humanizados.
O estudo de impacto ambiental non recolle medidas que se adoitarían para a súa protección durante a fase de construción e funcionamento do Parque por ocupación directa de hábitats de cría e posibles colisións.
**SEPTIMA.-** Que este parque eólico, coma a súa liña de evacuación, pon de manifesto que existe unha grande preocupación no modo no que a enerxía eólica está a experimentar unha expansión que resulta irracional e desproporcionada, á vista do grande número de proxectos que se están a tramitar, tanto pola Administración Autonómica coma a Administración Xeral do Estado. Entendemos que se trata dunha situación tan abusiva coma insostible, e cunhas repercusións que poden resultar moi negativas para un conxunto moi amplo da poboación que vive no rural, así coma para o territorio e o medio ambiente.
Valórase que resulta preciso que ambas administracións, Xunta e Goberno Central, reconsideren o estado actual do desenvolvemento eólico e aproben unha moratoria eólica, coa que se proceda a paralización inmediata de todos estes proxectos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Que dita moratoria serva de punto de inicio para elaborar unha nova Planificación Eólica, asentada en criterios de proporcionalidade, racionalidade e equilibrada co territorio, o patrimonio natural, cultural e respectuosa coas actividades turísticas, agrogandeiras e forestais.
Dende o BNG entendemos que este proxecto debe ser rexeitado polo impacto crítico sobre o último treito do Camiño de Santiago e a paisaxe do accidente xeográfico universal do Cabo Fisterra.
**É por este motivo, e en virtude deste anuncio de propósito de construción deste parque eólico con aeroxeradores xigantes en altos de Dumbría, Cee e Fisterra, propoñemos a adopción dos seguintes acordos:**
**1. Instar ao goberno municipal que traslade ao Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico o seu rexeitamento ao PE de Sembra, polo grave impacto ao final do Camiño de Santiago, e a paisaxe sobre a península de Fisterra.**
**2. Promover unha posición conxunta de rexeitamento entre os concellos afectados, de Dumbría, Cee e Fisterra.**
**3. Que dende este Concello se emita informa negativo deste proxecto e darlle traslado ao Ministerio.**
**4. Instar á Xunta de Galiza e a Administración Xeral do Estado acorden unha moratoria eólica, coa que se proceda a paralización inmediata dos proxectos que se atopan en tramitación na Galiza, e que serva de punto de inicio para elaborar unha nova Planificación Eólica, asentada en criterios de proporcionalidade, racionalidade e equilibrada co territorio, o patrimonio natural, cultural e respectuosa coas actividades turísticas, agrogandeiras e forestais.estes proxectos.**

**______________________________INTERVENCIÓNS___________________________**

Sr. Domínguez: Vamos a ver, este parque eólico o que se refiere a mocion do BNG é un parque eólico que se solicitou ante o ministerio , o sea non é un parque dos que tramita a Xunta, pola sua potencia é dos que tramita o ministerio. Mais que nada para tranquilizar por si hai algunha preocupación na xente, que este parque ten mínimas, mui mínimas posibilidades de salir adiante. Tanto este como o 97% dos que se están solicitados ahora mismo na Xunta de Galicia. Contra os que se está manifestando o Bloque. As solicitudes non son concesións, son solicitudes e claro á administración de turno non lle queda mais remedio que tramitalas . Ahora, non teñen posibilidade algunha. Porque primeiro hai unha lei que xa que regula todo eso, outra, hai un plan sectorial que fora dese sector non se poden instalar molinillos. No caso de Sembra mitad deles quedan fora do sectorial xa non serían admitidos, e logo hai unha razon muito mais potente que toda esa, que é a evacuación. Non hai capacidad, neste momento hai cero capacidad de evacuación tanto en Vimianzo coma en Paxareiras coma en Regoelle, que son as 3 subestacións que están onde va. Non hai capacidad ningunha de ningunha clase de posibilidade de evacuación, o sea que todos eses parques están condenados ó fracaso. Ahora, a administración non lle queda mais remedio cando lle fan unha solicitude e hai que tramitala e hai que decirlle que non en base a unha serie de criterios. Insisto que nadie vaia a creer que ahora non hai o parque de Sembra gracias a moción do Bloque, porque sería mentira. Non vai adiante porque non vai ir adiante. Ademais este é un tema que me preocupei de averiguar esta semana pasada e a anterior cando falamos do tema do parque de aquí e xa digo , teñen posibilidades mínimas , hai un porcentaje mui baixo dos que van a salir adiante de todos canto están solicitados. Non cabe duda que ahora hai moitísimos solicitados. ¿Por qué? Porque antes non eran rentables e ahora co tipo de máquinas que hai son rentables en calquer sitio , entonces por eso proliferou tanto a solicitud de montaje de parques eólicos. Pero insisto aqui ahora mismo, ca capacidade que hai de evacuación prácticamente non iría ningún adiante. Xa terminei.
Sra. Alcaldesa: cuando tuvimos el otro día la comisión correspondiente puse de manifiesto el avance

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



del informe por parte del técnico municipal. Como alguno de los concejales no estaba, lo voy a reiterar para que tengan conocimiento de ello. Por un lado la subestación está fuera del Plan Sectorial Eólico. La alternativa 1 que plantea, 9 aerogeneradores están fuera del Plan Sectorial Eólico, la alternativa 2 están cinco aerogeneradores fuera y la alternativa 3 estarían cuatro aerogeneradores fuera, pero lo más importante, la subestación ya está fuera, entonces ya de por sí, este proyecto, bueno este plan va a caer. Por otro lado, la alternativa 2 y 3 constituye una clara afección al Camino de Santiago, ya que incluye varios aerogeneradores situados a menos de 500 m. de él y por otro lado, la línea de alta tensión en la alternativa 2 atraviesa suelo clasificado como núcleo rural tradicional en aéreo, lo que es incompatible con las normas subsidiarias de Cee, eso por un lado, entonces por parte del concello se van a presentar una serie de alegaciones conforme al informe que emita el técnico correspondiente y en estes términos, en estes términos. Por otro lado, en esta moción se parte de un decreto que está derogado, el Decreto 302/2001 está derogado por el Decreto 242/2007 y a su vez fue derogado por la Ley 8/2009, por otra parte, reitero lo mismo que dije anteriormente, con el punto 3 considero que desde la corporación no puede instar que se emita un informe negativo al técnico correspondiente, tendrá que hacer el informe el técnico correspondiente y traerlo en todo caso al Pleno con relación a los puntos que plantea el BNG en su moción, y con respecto al punto 4 si podríamos estar de acuerdo con respecto a la moratoria eólica, pero que se proceda a la paralización inmediata de todos los proyectos que se encuentran en tramitación en Galicia, me parece realmente bastante excesivo, es como pedir que se paralicen todas las obras, todos los proyectos que hay en la oficina técnica de un concello. Por parte del gobierno, el voto va a ser en contra de esta moción por los motivos expuestos y se van a presentar las alegaciones correspondientes conforme a lo que indique el técnico del concello antes del miércoles y en el sentido que negativo que he expuesto. Alguna intervención más?

Sr. Domínguez; eu non dixen o sentido do noso voto. O noso voto vai ser abstención porque non creemos necesario aprobar esta moción para evitar que se faga. Osea, non se vai montar ese parque.

Sr. Vigo : nos vámonos abster tamén. Xa tiñamos a idea de absternos cando entramos no Pleno e despois de ver a moción que nos mandou ca deferencia habitual o voceiro do Bng pero ahora xa con moita máis tranquilidade porque se os representantes do Partido Socialista e do Partido Popular nos din que eso vai ser imposible, pois si din vostedes que é imposible pois xa non vai pasar nada, o cual xenera moita máis tranquilidade. Entonces polo tanto o sentido do voto é a abstención , entre outras cousas porque non é unha cuestión que consideremos nestos momentos prioritaria para debatir no concello de Cee e sobre todo e fundamental porque según as informacións das que dispoñemos agora mesmo pois... non son viables. Nese sentido é a nosa posición de voto.

Sra. Alcaldesa: en todo caso simplemente señalar Sr. Vigo que al concello le dieron traslado de un plazo de 20 días para presentar las alegaciones correspondientes, vale, el plazo termina para la semana siguiente, por parte del BNG o de cualquier persona pudo haber presentado las alegaciones correspondientes y no dependería del acuerdo en sí de esta corporación, porque la competencia en sí corresponde lo que es a la Alcaldía el presentar las alegaciones al respecto, por eso la convocatoria de la comisión realizada con anterioridad, no a este Pleno, realmente era meramente informativa y para la aportación de cara a las alegaciones que se iban a presentar, no presentándose en ese momento ningún tipo de alegación por parte del BNG y reservándose a traer una moción al pleno que presenta en el día de hoy y por tanto que no dio tiempo ni siquiera al técnico a poder estudiar alguno de estos puntos y partiendo de que bueno, algunos ya no tienen... partiendo de un decreto derogado.

Sr. Vigo: somos conscientes de que é ó goberno do concello quen lle corresponde presentar alegacións ainda que outras partes as podan presentalas tamén, somos conscientes desa realidade. Nos por costumbre para escoitar as posicións dos grupos temos pois a tendencia de votar a urxencia das mocións para que se podan debatir independentemente do voto que despois vaiamos a emitir sobre as mesmas, pero neste caso cando me refiro ó Partido socialista ou o Partido popular non me refiro a vostede ou ó Sr. Domínguez sinon as administracións donde gobernan os partidos que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tLHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



vostedes representan, que son neste caso a autonómica e a do estado.
Sra. Alcaldesa: Algunha intervención máis?
Sr. Domínguez Louro: simplemente decir que o BNG con esta moción non quere, non pretende que o concello ou a alcaldía que é a competente presente alegacións ou non , simplemente o que pretende é que o pleno tome un acordo para ben ou para mal , a favor ou en contra. Non se trata iso, non ten nada que ver as alegacións con iso, o BNG xa presentou as alegacións a semana pasada e con estes termos a esta, a este parque eólico. Do que sí estou seguro é de que as empresas non son parvas, por decilo dalgún xeito. As empresas si presentan un proxecto é para sacalo adiante, si presentan moitos xuntos igual é para sacar parte deles adiante, para que haxa un rexeitamento a uns e para que o goberno de turno despois poda dicir "que bueno, el 80, 70 o el 60% de los parques non foron adiante, pero sin embargo foron outros que sí fixeron tanto dano ou mais que os que non sairon. En calquer caso tomamos nota, ogallá sea así como vostedes din que esto non vaia para adiante, pero sin embargo dende o BNG cremos que as empresas non van a parar ate conseguir este... sinon é este parque será outro , si non lle chaman Sembra chamaranlle doutro xeito , pero hai que recoñecer que estos montes que nos rodean son óptimos e aptos para o desenvolvemento eólico i... non van a parar aí, polo tanto pode ser que esto non vaia adiante, pode ser que non sea gracias o BNG como di o Sr. Domínguez pero nós temos, nos consideramos que temos que facer o noso traballo que para eso nos elexiron e por iso é que o BNG trouxo e trae a mocion ó pleno. Xa digo, que sae ou non sae xa se verá, pero ó que está claro é que as empresas non son parvas e non se van quedar quietas. Esta é a nosa opinión sobre o asunto.

**VOTACIÓNS**

**<u>Sométese á votación a moción e resulta rechazada no seguinte sentido: 2 votos a favor do BNG , 4 votos en contra do PSOE, e 6 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.</u>**

## 7. Rogos e preguntas.

Sr. Domínguez García: un rogo, que o plan xeral dame a impresión de que vai mui lento que íbamos a facer a aprobación inicial antes do vran e xa estamos en agosto e non se fixo e ó mismo tempo tamén non retrasarnos demasiado ca reforma puntual que habíamos falado para legalizar tanto os áticos coma o da nave de Codesos e outra cousa que estamos retrasando muito é o pliego de condicións da recollida selectiva que xa digo nós non prestarémolo apoio si se puntúa mais o precio que as condicións do servicio, a valoración da calidade de servicio. Eu creo que este proiecto non debe ser adjudicado por precio, sinón nos perjudicaría e por eso recordarlle que me da a impresión de que vai..
Sra. Alcaldesa: con respecto ó plan xeral o luns ou martes veñen ó concello para tratar entre outros puntos o tema do plan xeral donde vamos a tratar o tema de que evidentemente teñen que acelerar mais e que temos que volver a reunirnos xa, tanto como por un punto como pola reforma puntual. Con respecto a xestión de residuos solicitamos de novo os datos a empresa dos traballadores, nos volveron a dar mal os datos. Estamos comprobando cos TC's e cas nóminas todos os datos, temos o plan económico, xa temos un avance, está feito, solamente falta concretar os datos do persoal e estanse realizando as modificacións dos pregos. Entonces tan pronto concretemos o plan económico e o problema dese persoal xa convoco a comisión correspondente.
Sr. Vigo: dúas preguntas, dous rogos. Vamos a ver, na praia de Estorde instalouse unha caseta para o socorrista que... eu penso que é a mesma caseta que era propiedade da entidade de Neria ca que facía difusión do Centro de Coñecemento C3M, e comenteino cun ex-directivo, incluso co presidente, non tiñan información desa cuestión e dada a situación, digamos… xurídica que ten a propia entidade

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



nestes momentos non sei como o concello de Cee pudo pois coller esa caseta, incluso pintala , transformala dalgún xeito para utilizala como caseta de vixiancia de praias.
Sra. Alcaldesa: contesto ou quere facer a seguinte?
Sr. Vigo. No
Sra. Alcaldesa: a caseta está abandonada en terreno municipal dende hai moitos anos, forzada a porta, dentro de todo, o que se fixo foi limpala, non está pintada, está cunha chapa desmontable donde a caseta vai a quedar igual que como estaba con anterioridade, simplemente está cuberta cunha chapa e tan pronto termine a tempada de socorrismo volverá para o mesmo sitio. Do mesmo xeito non coñezo a ningún presidente en Neria porque todos dimitiron, o ex presidente sí ten coñecemento, pode falar con él, sí ten coñecemento, en todo caso, ó contrario, a caseta está máis coidada se devolverá o mesmo sitio e si se quere presentar reclamación por quen sexa que a presente, do mismo xeito por parte do concello pois se reclamará. Tamén o feito de que teñen unhas instalacións das que non podemos facer uso que son do concello, onde estamos facendo fronte ós gastos desas instalacións. Entonces ben, si presentan unha reclamación para nós tamén é bo para saber a quen temos que reclamar para que nos deixen o local. En todo caso non hai ningunha intencionalidade maliciosa por decilo dese xeito, simplemente coidouse, limpiouse, e púxoselle unha chapa totalmente desmontable e volverá ó mesmo sitio cando termine pois a tempada de verán.
Sr. Vigo : No, eu non estón decindo que se destrozase a caseta, simplemente é dicir evidentemente non é que estivera abandonada, estaba donde estivo sempre que non fui....que non se estaba usando . Cando se usaba, incluso nos periodos que non estaba nos concellos facendo o seu uso de ser da caseta de información depositábase alí porque a asociación estaba alí, igual que as oficinas están alí e me imaxino que non se invadirá ese espacio, non sei xurídicamente como está eso e non sei se eso que se fixo é legal ou non, esa é a miña pregunta. Pois o resto tampouco me preocupa mais porque realmente eu son consciente de que é esa caseta porque se mercou sendo eu presidente da entidade e sei que é esa e si non pasaríame totalmente desapercibida. Pero quero decir, digamos, que si Neria non ten nin unha directiva unha xente que teña capacidade para xestionar digamos o que hai pois será un administrador concursal ou será alguén que teña capacidade sobre os bens da entidade. Non sei hasta que punto o concello pode facer eso, pola misma razón podería entrar nas oficinas e levarse material que hai alí.
Sra. Alcaldesa: É diferente, Sr. Vigo, é diferente, a caseta estaba abandonada nun terreo municipal.
Sr. Vigo: e as oficinas están nunha dependencia municipal
Sra. Alcaldesa: É diferente. Abandonada nun terreo municipal ca porta forzada , aberta e por dentro bueno... non lle conto máis, que xa me pode entender como podería estar por dentro. En todo caso que non hai ningún problema, si vostede considera que xurídicamente está mal, presenta a reclamación correspondente donde a queira presentar, porque eu evidentemente antes de facer eso, lle aseguro que non o fago por facer. Estou segura do que estou facendo, nada mais
Sr. Vigo: eu a este concello veño a facer política, non veño a facer xustiza nin nada polo estilo. Nunca fui a miña linea e non vai nese sentido a pregunta. Extráñame simplemente que se faga uso dun ben dunha entidade que está nunha situación delicada ou complexa pois porque (ininteligible).
Sra. Alcaldesa: o que pase nesa caseta estando nun terreo municipal é responsabilidade en sí, do concello, o que pase dentro desa caseta, o que se faga dentro desa caseta, se esa caseta se rompe, se a forzan, si tal, é responsabilidade da alcaldía, a caseta estaba abandonada en estado lamentable, deteriorada
Sr. Vigo: Abandonada non , estaba no sitio onde estuvo sempre.
Sra. Alcaldesa: Abandonada, está alí, abandonada porque...
Sr. Vigo: Abandonada parece que está tirada nun vertedoiro público, estaba no sitio no que estuvo sempre, estaba dentro do recinto do que foi o colexio, dentro do recinto e na inmediación das instalacións que ten cedidas Neria, para que… ou que tiña cedidas para o desempeño das suas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



funcións. Pola misma razón se pode entrar nas dependencias porque alguén pode entrar ali e facer pois digamos, calquer acto delictivo, por ese tipo de exemplo que pon vostede.

Sra. Alcaldesa: e a caseta volverá para o mismo sitio.

Sr. Vigo: non creo que o concello non ten sitio, eu digo simplemente si esa forma de proceder é legal ou non é legal, eu non o sen.

Sra. Alcaldesa: agora está facendo xustiza, legalidade, non está facendo política.

Sr. Vigo: No, pregunto, no, no, estón facendo política. Porque se está utilizando unha caseta que é dunha entidade que ademais este concello foi nalgunhas etapas sobre todo moi belixerante coa entidade e incluso deixou a entidade baixo o seu mandato. E ahora resulta que lle vale incluso o material da entidade para un uso público, eu non eston decindo que o utilice para nada negativo, pero en calquer caso non me parece un proceder normalizado, a min. Secadra estón equivocado.

Sra. Alcaldesa: Pois eu reitérolle o mesmo, non vou a reiterar sempre o mesmo, reitero o que dixen anteriormente, se considera que non é legal, xa me vai dicir que non van a aplicar a xustiza, que vostede ven a facer política. Pero si considera que non é legal presenten a reclamación que consideren pertinente e se resolverá. Eu dígolle o que lle volvo a reiterar.

Sr. Vigo. Non me contesta a pregunta curiosamente cando vostede...respostas xurídicas para cualquier cuestión e esta que é unha cuestión que afecta a se podemos ou non podemos facer o que fixo o goberno neste momento, vostede non ten contestación para esta pregunta, é un pouco curioso

Sra. Alcaldesa: Estoulle contestando, contéstolle outra vez se quere, a caseta estaba en estado deteriorado e abandonada, forzada a porta, o que se fixo desde o concello foi limpiala, vale, cuidala . Se está utilizando de forma temporal como caseta na praia de Estorde, levarase ó mismo sitio e quedará igualmente como esataba anteriormente porque as chapas son chapas desmontables. Nada mais, non ten máis nada

Sr. Vigo: Osea, fixo un pouco de Salvacadelos de seres inanimados.

Sra. Alcaldesa: Cómo?

Sr. Vigo: Salvacadelos de seres inanimados, por decilo dalgunha maneira. Estaba deteriorado, recolliuno, aseouno, limpouno e o puxo noutro sitio...

Sra. Alcaldesa: estaba abandonada nun terreo municipal.

Sr. Vigo: abandonada non, estaba nun terreo municipal e Neria dispoñía del.

Sra. Alcaldesa: Esa é a súa opinión, por eso se vostede considera que non é correcta a forma de proceder, eu respecto a súa opinión pero nada máis, que quere que lle conteste.

Sr. Vigo: Bueno, pois que non da unha resposta na linea que vostede da respostas ós asuntos que se tratan neste concello e é evidente que hai unha diferencia absoluta ca forma de contestar sobre digamos a legalidade ou non dos asuntos á que vostede fai sempre referencia, sempre. E resulta que ahora eso non é importante, o importante é que estaba alí abandonada e chegou pois Salvacadelos material para coller e levar....

Sra. Alcaldesa: Eu non vexo ningunha ilegalidade, xa lle digo, eu non vexo ningunha ilegalidade, se vostede ve algunha ilegalidade faga o que teña que facer

Sr. Vigo: Non, a mí me sorprende, eu non sei si..

Sra. Alcaldesa: Pois si lle sorprende...teña por seguro que eu antes de facer eso, sei o que fago. E si vostede cree que está mal pois faga o que teña que facer, sexa vostede ou sexa algún membro ex-directivo de Neria ou… o que sexa, fagan o que teñan que facer.

Sr. Vigo : Pero eu descoñecía a sua infalibilidade, entonces pois como descoñecía eso… si, solo pensei (inintelixible) infalible pero agora vexo que hai máis xente.

Sra. Alcaldesa: non, non me chamou ningunha persoa. Non me chamou ninguén polo tema da caseta.

Sr. Vigo: Porque secadra nin se dan conta.

Sra. Alcaldesa: Que?

Sr. Vigo: Secadra non se dan conta.

Sra. Alcaldesa: Non sei, alí está, non está escondida.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Sr. Vigo: E probable, ademáis tampouco estaba nun sitio tan visible, pois é normal que a cidadanía ou xente non sepa nin siquera que é esa caseta e que está aí.
Sra. Alcaldesa: Pois está alí, non está escondida .
Sr. Vigo: (Inintelixible)... é complicado...Ben, en segundo lugar si me permite preguntarlle si ten programado ou ten pensado facer algún tipo de actividade na semana da Xunqueira.
Sra. Alcaldesa: Sí, presentáronse hoxe as actividades
Sr. Vigo: Sairá mañán na prensa
Sra. Alcaldesa: Sae mañá nos medios. Hai actividades durante todo o mes de agosto como é habitual neste conocello, pero bueno en concreto os día da festa. O día 13 sería o pregón, o pregón o vai a dar Xosé Iglesias, o poeta, logo temos unha actuación dun grupo que é Nostálgica e logo a actuación de Rocío Caamaño, eso sería o primeiro día, sería na praza 8 de marzo, tal e como está a situación actual ten que ser en cadeiras e vamos a dar como o ano pasado as entradas correspondentes que teñen que recoller na casa de cultura, e perimetrado, eso sería o primeiro día. O día 14 hai unha banda que vai estar amenizando polas rúas e logo pola noite, todos os concertos como moi tarde finalizan sobre as once e media ou doce menos cuarto da noite, non van máis alá. Despois hai tamen dous grupos de música, un “Nuevo Plan” e outro “La habitación de la música”, creo que é, eso é o 14. O día 15, o Día da Xunqueira, o tema da procesión viñeron falar comigo. Vai haber procesión pero o itinerario dependendo de como estean as circunstancias se fixará uns días antes. Vai estar pola mañá amenizando por diferentes rúas a charanga “Rumbo”, logo está a banda de música de Cee que vai tocar na praza da Constitución e logo vai estar noutra zona amenizando a CDC, eso ó mediodía. Logo pola tarde hai o concerto da banda como sempre, tamén na praza da Constitución e logo pola noite está o tributo “Al último de la fila” , termina sobre as 11,30. As 11,30 vanse tirar fogos artificiais que son similares ós do ano pasado, simplemente para dar o toque de que sexan un pouco mais vistosos de color, pero máis ben simbólicos, non son os fogos artificiais da Xunqueira dos anos anteriores, eso o día 15. O día 16, pois nada, ó mediodía igual a charanga Rumbo, logo está a banda de Padrón e tamén a CDC ó mediodía. Pola tarde hai para os nenos cabezudos, as 7 da tarde nun grupo e pola noite está o concerto de Oscar Ibañez.
Sr. vigo: Concerto de?
Sra. Alcaldesa: Oscar Ibañez, o gaiteiro. Empeza as 10, unha hora e media e termina. E sempre entre a praza da Constitución, 8 de marzo e despois cando son o tema das bandas tamén van ir á praza de Concha Blanco, bueno amenizando polas zonas, esas son as festas , casi todas as actuacións están subvencionadas, Último de la fila, Nostálgica, Nuevo Plan, a Banda… , unha parte, como xa sabe vostede. Son as festas deste ano.
Sra. Iglesias: Perdón, los fuegos 11,30?
Sra. Alcaldesa: Sí, los fuegos son a las 11.30, duran doce minutos, son tipo como los del año pasado, pero un poco más, es por terminar, por el simbolismo y la importancia de los fuegos artificiales en Cee, nada máis que eso, adaptándonos todos un pouco á responsabilidade individual de todos e para poder levalas o mellor que poidamos e cumplindo con todos os protocolos.
Sr. Vigo: Ben, gracias, e xa para rematar uns rogos que trasladan os veciños con respecto a cuestións de limpeza sobre as que vostede amosa sempre tanto interés. Recibín varias queixas da limpeza viaria na Rúa da Flor fundamentalmente e nos calexóns no casco vello que van da parte de arriba á parte de abaixo e tamén unha queixa de uns veciños de Pereira con respecto a recollida de lixo duns contenedores que ademais se puxo en contacto en dúas ocasións. E verdade que as veces os contenedores dependendo de donde estén teñen mais... que outros e no tempo de verán secadra hai que variar un pouco pois… o número de veces que se acude a recollelos. Secadra non en todos os sitios, pero sí en algúns polo que sexa. Suele facerse en zonas de restauración e este tipo de cuestións, pero a veces en aldeas e neste caso en concreto foi en Pereira a queixa que me trasladaron e que se trasladou ó concello e pois non se fixo caso ou non se pudo facer, pregarlle que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



se atendan ese tipo de cuestións e sobre todo nesta tempada de verán que sempre, que ainda que non temos un verán moi caluroso pois sempre é mais complicado.
Sra. Alcaldesa: con respecto ó casco vello se lle indicou á empresa de limpeza que tiñan que baldear, sacar as herbas e baldeado xeral. Estiveron baldeando o outro día sei que ainda non terminaron que van a limpar todos os calexóns e todo o que é o casco vello. Con respecto o de Pereira preguntarei e darei traslado para que recollan o lixo.
Sr. Vigo: nada máis, gracias
Sr. Domínguez Louro: Varias cousiñas. O 25 de maio presentámoslle un escrito sobre unha problemática que está a acontecer na rua Gueifar sobre uns temas veciñais aí, dun veciño novo que se instalou no antigo… na antiga… no antigo comercio bueno na antiga cristalería de Vevey e quería saber si fixeran algo, se saben como está ese asunto si puideron interesarse polo tema.
Sra. Alcaldesa: nos interesamos de forma reiterada, foi a policía local un montón de veces. Hai un informe aberto por parte do técnico, sí hai un expediente aberto en relación a eso. E foi a policía local en varias ocasións.
Sr. Domínguez Louro: Non se puido facer muito, entendo polas suas palabras.
Sra. Alcaldesa: Como?
Sr. Domínguez Louro: Digo que estamos na misma situación
Sra. Alcaldesa: E un problema veciñal, van alí, cálmase uns días e logo volven outra vez co tema. O señor saca as cousas, protestan os outros, requíreselle, recolle , ten un expediente aberto polo tema.
Sr. Domínguez Louro: Neste documento e despois envieille unhas fotos
Sra. Alcaldesa; sí, coñezo as fotos, hai un informe da policía local.
Sr. Domínguez Louro: eu creo que había que polo menos donde, alí donde poidamos digamos actuar. Sei que hai cousas que son difíciles e cando hai un problema entre veciños i demais. Pero por exemplo o tema das cámaras de seguridade que ten instaladas i que apuntan cara a vía pública pois eu creo que por aí se podería facer algo. Tamén creo que se podería facer algo polo tema do ponte grúa que no seu día se retirou daquel baixo cando acabou a actividade i esta persoa volveu a instalar, co que o usa a hora que lle da a gana cos seus, evidentemente cas molestias que eso supón para todo o edificio, pero mais aló deso, deses problemas puntuais que podemos ter opinións dispares ou non, pero o tema, dende que... supoño que xa ven de antes, non virá do 25 de maio, en absoluto. Pero dende aquela o único que fixo foi enquistarse. O problema sigue, o problema vai a máis como vostede dixo i xa hai denuncias ante da Garda Civil, incluso pois xuizos a porta da esquina, a volta da esquina, como se dí. A nós o que nos preocupa neste asunto máis alo destes temas concretos é que hai unha denuncia de acoso sobre ese señor, sobre ese veciño, unha denuncia de acoso da persoa que vive xustamente enriba que é a máis afectada porque evidentemente as molestias, todas lle recaen a ela i hai unha denuncia de acoso desa persoa, unha señora, unha muller, unha nai de familia que vive soa cos seus dous nenos, que necesitan atencións especiais ,que as molestias que ocasiona este veciño que vive nese baixo que habería que saber evidentemente si pode ou non pode morar aí, porque eu entendo que non, pero que lle alteran a vida cotiá e o benestar desas dúas crianzas que como digo son pois, necesitan uns cuidados especiais polos problemas que teñen, esa persoa, esa nai vive atemorizada, ten medo, polo tanto nós o que lle pedimos é que os servizos sociais do concello, o CIM si o creen oportuno que actue i que se interese polo tema porque bueno, non descubro nada si digo que pasan cousas por aí adiante que ninguen deseamos que pasen neste pobo. Non quero ser alarmista nin moitísimo menos, non quero decir que podan pasar nin que non podan, pero a situación é fastidiada para esta persoa que vive sola con eses dous nenos con necesidades especiais pois por unha desgraza no seu día, i que bueno, é unha señora viuva que está nunha situación bastante desesperada. E máis aló das denuncias que seguirán o seu curso como siguen todas as demais, pois eu creo que desde o concello temos que actuar en todo o que poidamos, temos que ser neste tema, debemos ser pois moi moi firmes, esixentes para que este señor deixe de facerlle a vida imposible a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tLHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



toda a veciñanza pero a esa persoa en particular, porque lle está amargando hasta o punto de querer irse do seu piso , da súa vivenda dos seus fillos. Polo tanto, simplemente é iso, simplemente non, xa é bastante, deberíamos actuar con toda a firmeza que seamos capaces para evitar males maiores neste caso, no caso de que o houbera. Eu creo que todas as proteccións, tódalas cautelas son poucas, polo tanto convídoa a que vostede, o concello o faga da manera que crea oportuna neste tema.

Sra. Alcaldesa: A min cónstame que ós servizos sociais ela foi, a señora foi aos servizos sociais, que hai un seguimento por parte dos servizos sociais, de todos xeitos falarei de novo cos servizos sociais, ca asistenta e ca directora do CIM.

Sr. Domínguez Louro: Moi ben, nas resolucións de alcaldía hai unha resolución que nos chamou a atención que é unha resolución presentada por Don Leopoldo Lamela sobre un tema bueno, que se explica aquí perfectamente, que o concelleiro de cultura tamén levantou o informe oportuno que aparece aquí, pero... non sei si se pode saber algo máis de cómo foi esto ou si con estas lineas xa é suficiente. Non sei si quer contestar ou

Sra. Alcaldesa: quen firma esa resolución é Ema, eu por relación de parentesco tiven que absterme, entón doulle traslado e Ema.

Sra. Trillo: O que teño que decir é que se presentou este escrito por parte de este señor, fíxose un informe. Por parte do concello non houbo ningún encargo de traballo, simplemente unha relación de amizade co concelleiro de cultura e o único eso que as facturas que presenta, que caen polo seu propio peso, porque presenta facturas de ordenador, de material informático que eso o concello non lle vai pagar o ordenador a ninguén. E logo o que tampouco ten moita lóxica é que supostamente, entre comillas, se faga un traballo no 2019 e se presente a factura no 2021. Entón contestamos, non se fixo ningún encargo de traballo por parte do concello, por parte nosa. Nada máis.

Sr. Domínguez Louro: Bueno, en calquer caso eu estón preguntando, en absoluto quero xulgar a relación e as conversas que poideron ter o concelleiro de cultura con esta persoa, non me compete. Sei a versión polo que acaba de decir vostede, que ven sendo esto, a versión oficial do concello, non sei a versión doutra persoa nin moitísimo menos, pero chámame a atención que bueno, que pase isto na organización dunhas festas. Eu creo que un concello, neste caso o concello de Cee non debería recibir reclamacións deste estilo por algo que se debe de levar consideramos dende o BNG doutra maneira, dunha maneira digamos máis seria e non dunha maneira, pois… perdóneme a expresión , pois un tanto chapuceira . Eu creo que non é bo que ahora haxa un problema con esta persoa que fixo un traballo porque eu estaba alí e sei que o fixo- altruistamente ou non eso xa entra dentro das conversas que puideron ter o concelleiro e o propio interesado, pero bueno, chamoume a atención que chegue esta reclamación, certo dous anos despois, co cual me parece incluso mais grave. Certo é que se ten que presentar en tempo e forma, paréceme máis grave, supoño que levamos arrastrando ou leva esa persoa arrastrando o tema dous anos e non me parece digamos que a millor maneira de facer as cousas, dende unha concellería, neste caso é a de cultura como se fose outra .

Sra. Trillo: simplemente decir que nos chegou agora e que tivemos coñecemento desto agora. Non había ningún tipo de encargo de traballo e que chegara a reclamación dous anos despois pois é que non somos responsables do que poida presentar unha terceira persoa .Hubo unha relación de amizade, de colaboración e nada máis, e o único que podo dicir.

Sr. Domínguez Louro: non, si o entendo perfectamente, simplemente o que faltaba dese tempo que pasou dende o 2019 ata agora que estamos no 21 e que pasaraon casi dous anos entendo que esta persoa non esperou dous anos porque sí, intentaría falar co goberno ou intentaría falar con alguén do goberno para sacar este tema adiante ou simplemente esperou dous anos para presentar a reclamación

Sra. Trillo: con nos non falou, nin fixo ningún tipo de reclamación verbal nin oral, non houbo nada por iso sinceramente choca moito. Pero bueno, o que fagan as terceiras persoas nos non somos responsables. Non houbo ningún tipo de reclamación neste tempo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



Sr. Domínguez Louro: Primeiro, saber o que pasou, a versión que está escrita e pois segundo censurar esta maneira de traballar .
Sra. Trillo: que non é culpa do goberno, se alguén se brinda a colaborar en algo.
Sra. Alcaldesa: Mira, é moi sinxelo, a xente por rexistro de entrada pode presentar as reclamacións que consideren pertinentes, agora que teñan razón ou que non teñan razón é unha cousa diferente. Que poidan mentir ou que non poidan mentir é unha cousa diferente, agora por rexistro de entrada cabe todo, tan sinxelo como eso. Nada máis.
Sr. Domínguez Louro: Eu empecei decindo que non estón dando nin quitando razóns.
Sra. Alcaldesa: En papel colle todo, nun rexistro de entrada colle todo. A xente o que ten que saber cando presenta algo por rexistro de entrada sexa quen sexa si é verdade é verdade e si non é verdade teñen unha responsabilidade.
Sr. Domínguez Louro: Perfecto, pero está claro que as cousas non se fixeron ben, dunha maneira ou doutra non se fixeron ben i eso é o que estou censurando, pero sin dar nin quitar razóns porque desconozco. Outro tema, nesas resolucións de alcaldía aparece tamén unha transferencia de crédito 4/2020 i nos dende o BNG poñemos de menos que nesa tranferencia de crédito non apareza unha partida para o que pedimos no seu día que eran as becas para xóvenes talentos. Neste momento histórico, digámolo así, hai tres, seguramente mais, tres persoas que están, tres rapaces e rapazas que están continuamente nos medios de comunicación polos seus éxitos deportivos. Falo de Xiana Lago, falo de Elian Numa e falo de Patty Tuñez que acaba de ser considerada ademáis que saliu o outro día na prensa, como deportista de élite. Esas persoas que levan o nome de Cee por Galiza, por España e polo mundo adiante, no caso de Elian saliu fai pouco afora. Pois consideramos que deberían de ter unha axuda económica i botamos de menos que non sea nesta ocasión, podría ir perfectamente. En calquer caso volvo a reiterar que deberíamos, debería vostede convocar esa comisión i falar deste asunto para tratar de levar adiante ese punto que nos lle pedimos.
Sra. Alcaldesa: podo estar dacordo coa segunda parte da súa exposición, que hai que convocar unha comisión e tratar o tema das becas, pero non podería ser por unha transferencia porque esto leva unha tramitación administrativa previa, entonces nesa transferencia non sería viable facer nada para becas porque leva consigo unha tramitación administrativa para sacar as becas correspondentes para poder presentarse e demais. Non podería facelo por unha transferencia directamente.
Sr. Domínguez Louro: ¿Non se pode aumentar a partida de becas?
Sra. Alcaldesa: Qué?
Sr. Domínguez Louro: Non se pode aumentar a partida de becas, de subvencións, a partida de subvencións que aprobamos no seu día
Sra. Alcaldesa: Como becas? como becas hai que sacar como unha especie de bolsa.
Sr. Domínguez Louro: Ben, non se podería incrementar? É unha pregunta técnica.
Sra. Alcaldesa: Non, ten que ir no plan, nas subvencións. Cando aprobemos o plan estratéxico de subvencións de cara o ano que ven habería que incluír o tema das becas, eu non podo amplialo.
Sr. Domínguez Louro: ¿este ano as subvencións son intocables, non se poden engadir?
Sra. Alcaldesa: dentro dos conceptos que hai
Sr. Domínguez Louro: home, o ano pasado creo que aprobamos unha subvención para Brens, non?
Sra. Alcaldesa: Para un tema de obras. Pero o tema das becas é diferente.
Sr. Domínguez Louro: pero non lle falo de becas, olvide a palabra becas si quere. Eu falo de axudas a este tipo de personas..
Sra. Alcaldesa: Por exemplo, lle explico, si recorda, aparte foi vostede quen o solicitou polo tema de fútbol de Pereiriña, recorda que puxemos o nome para Pereiriña e deixamos cero para logo non ter problemas porque temos que poñer os nome dos club, os nomes correspondentes. Polo tema das becas é igual, teremos que incluír, pero hai unha tramitación previa
Sr. Domínguez Louro: ¿non hai ningunha maneira, non hai maneira humana e xurídica de buscar a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tLHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



maneira valga a redundancia de axudar a estas persoas nas súas actividades? Busquémoslle o encaixe legal que queiramos, non quero entrar en temas estritamente legais e técnicos, porque me perdo eu tampouco veño a facer encaixes de..., veño a facer política. Creo que si non é aquí polo que di vostede, perfecto, non pasa nada, absolutamente nada, a min chamoume a atención isto e o falo e namáis, pero busquemoslle o encaixe, como queiramos.
Sra. Alcaldesa: Vale, pois se busca o encaixe, pero hai que ter en conta que o encaixe hai que búscalo, pero vos sempre falades do tema política e o tema legal como si foran dúas cousas totalmente independentes, e non, e que as veces a política obriga a ter, está ligada ós procedementos correspondentes, non podemos facer política sen os procedementos correspondentes, entón, haberá que buscar o encaixe como di vostede para poder incluír esas becas, evidentemente o goberno está de acordo en buscar ese encaixe. Cando veña a interventora falareino con ela e buscaremos, e se convocará a comisión correspondente. E se non pode ir este ano irá o ano que ven dentro do plan estratéxico.
Sr. Domínguez Louro: en calquer caso estamos a 30 de xullo, 31. Nos presentámoslle esto o 23 de marzo, marzo, abril, maio ,xuño. Houbo 4 meses para buscar esa solución da que estamos falando. ¿Para o ano? Entendo que sí, pero a esas personas que están competindo failles falta xa, de inmediato , o antes posible
Sra. Alcaldesa: e a moita máis xente, Serxio.
Sr. Domínguez Louro: Sí, por supuestísimo...
Sra. Alcaldesa: e a moita máis xente que non ten para comer tamén, lle fai falla a moita xente, para emerxencia social, a moitísima xente, o que pasa que bueno, o concello de Cee ten os ingresos que ten.
Sr. Domínguez Louro: Por supuestísimo que sí, claro, claro pero...Se nos sentimos orgullosos deles
Sra. Alcaldesa: Claro, me sinto orgullosa.
Sr. Domínguez Louro: Orgullosos todos, vostede que os trae aquí i lle fai o acto pertinente.
Sra. Alcaldesa: o recoñecemento
Sr. Domínguez Louro: O recoñecemento pertinente, ao cal volvo a repetir, que non me opoño y me parece ben, pois o correcto tamén é entre foto i foto, porque consiguen máis recoñecementos dos que incluso pensábamos ou o mellor eles pensaban,home pois que se dean pasos para adiante para axudalos , porque unha axuda mínima seguramente lles soluciona moitísimo a estas persoas que cada vez necesitan máis diñeiro pasa viaxar máis. Xa solo viaxar xa lles costa pois seguramente moito ás súas familias no caso dos dous rapaces i a persoa que xa bueno, que xa ten un traballo como é Patty Tuñez pois tamén lle costarán evidentemente, entón pois iso, máis aló dos recoñecementos i das fotos oportunas, o cal non critico, eu creo que tamén se pode dar un paso adiante para axudalos xa, de inmediato i busquémoslle o encaixe legal que non hai ningún problema.
Sra. Alcaldesa: solicitarei o informe correspondente para tratar de cómo se pode incluir o tema das becas e como podemos facer en relación as partidas existentes e como se pode tramitar, de acordo?
Sr. Domínguez Louro: moi ben. Outra cousiña, unha pregunta, estes días acabou o prazo de presentación de ofertas para rexentar o quiosco na alameda. ¿Como quedou?
Sra. Alcaldesa: deserto
Sr. Domínguez Louro: Quedou deserto? I unha pregunta ¿por que considera vostede que quedou deserto?
Sra. Alcaldesa: Porque considero, porque non lle interesa, a ningúen lle interesa.
Sr. Domínguez Louro: Bueno, eso xa. Pero quero dicir, algún erro habría no prego de condicións ou non?
Sra. Alcaldesa: pois no prego de condicións estamos suxeitos ó que diga Patrimonio. O informe de patrimonio di que o diseño ten que ser con uns determinados materiales e eu non sei cal é..
Sr. Domínguez Louro: eu voulle dar a miña opinión. Paréceme imposible que ningúen se atreva a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



montar un quiosco na alameda no que aproximadamente ten que pagar 180 euros mensuais, i despois de todo o que pasou, que foi que a persoa que estaba alí polo que sea retirou o quiosco , se foi a un local moi próximo co cal evidentemente é máis complicado porque vende, dedícanse ó mesmo e claro, o mercado é o que hai. Entón con ese diñeiro, sinceramente, eu digo porque houbo persoas que se puxeron en contacto con nos para trasladarnos que estaban interesadas pero que lles foi imposible optar a ese diñeiro mensual, e non se arriscan a ese diñeiro mensual, a pagar ese diñeiro mensual, a pagar o que lle toque, dous mil cento e pico euros o ano, non era así? Pregunto
Sra. Alcaldesa: mire, ó concello non veu, non veu ninguén a dicirnos nada con respecto ó tema do canon.
Sr. Domínguez Louro: non, non lle dixen eso.
Sra. Alcaldesa: pero me di vostede que a vostede llo dixeron .
Sr. Domínguez Louro: sí, que o canon que era moito.
Sra. Alcaldesa: Que era moito o canon?
Sr. Domínguez Louro: ¿Vostede por qué cree que non se presentaron entón?
Sra. Alcaldesa: porque non lle interesaría, non o sei. A min o canon realmente non me parece elevado.
Sr. Domínguez Louro: pois si non se presentaron será por algo, non? Bueno, quedou a análise aí, a reflexión..
Sra. Alcaldesa: en todo caso poden facer a solicitude correspondente e volvemos a sacar o quiosco, e o canon está calculado con base a un informe pericial, técnico, é dicir, o canon foi calculado polo técnico correspondente, o que non pode ser é gratuíto.
Sr. Domínguez Louro: non estón decindo eso, estou decindo que as persoas que falaron conmigo i co compañeiro nos trasladaron que o canon era excesivo i é o que lle transmito para que o sepa.
Sra. Alcaldesa: pois llo trasladarían a vostede, porque a mín, a alcaldía non veu ninguén a queixarse con respecto ó canon nin nada, soamente me dixeron que non interesaba o tema e a señora que estaba antes pois gústalle máis a situación na que está agora.
Sr. Domínguez Louro: outra pregunta, ¿a estrada de Touriñán foi recepcionada xa polo concello?
Sra. Alcaldesa : non
Sr. Domínguez: unha máis, o 9 de novembro de 2019 presentamos un escrito donde pedíamos que se fixeran análises nas fontes de auga porque cada vez hai máis xente que usa a auga das fontes para consumir i sobre todo nos centrabamos na fonte do Son porque baixa auga do monte onde antes estaba o antigo vertedoiro e quería saber si se procedera a facer eses análises ou non, sobre todo naquelas zonas donde se consume habitualmente auga, ben sea esa, a fonte feal i algunha mais
Sra. Alcaldesa: En algunha se fixo, pero non recordo agora en cal. Nalgunha sí, na do Son creo que non se fixo.
Sr. Domínguez Louro: ¿pódese acceder a eses análises?
Sra. Alcaldesa: vostede pode facer a solicitude correspondente, evidentemente.
Sr. Domínguez Louro: perfecto, en calquer caso convídoa a que o faga sobre todo no monte do Son, que é a que mais nos preocupa e a que mais lle preocupa á veciñanza. Logo outra cousiña mais i é a última. Na avenida Fisterra, na 552 apareceron nas beirarúas herbas pois queimadas, chamuscadas e demais, e a pregunta é si a empresa de limpeza está usando algún tipo de pesticida porque é certo que según me informa a veciñanza, algún da veciñanza da zona que sí que se sulfatou por alí con… non sei con qué, pero que se sulfatou i de feito nas fotos que eu puden sacar vese perfectamente que esas herbas foron sulfatadas i queimadas. Vostede é consciente deso?
Sra. Alcaldesa: Descoñezo, pero preguntarei.
Sr. Domínguez Louro: Pois pregunte, porque si están sulfatando e si están sulfatando con glisofato, se ben é certo que hai unha moratoria ata o ano que ven, ata o 22, xa as administracións como a Xunta, a Diputación xa prohíben as súas empresas, ás empresas que contratan que fagan ese tipo de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



traballos. Como todos saberemos aquí o glisofato é un producto seguramente canceríxeno ainda que non está probado ó 100% i a mi me preocupa que se estén dando ese tipo de actividades para digamos aforrar traballo, hai que tomar outras iniciativas. Polo tanto pregunte, seguramente lle van dicir que non é glisofato, pero en calquer caso avíseos de que non se pode facer, porque ademais todo iso acaba ainda que a ninguén lle pareza, acaba na ría e acaba en nós e nada mais.

Sra. Alcaldesa: Moitas gracias. Levántase a sesión.

Sr. Pérez: Unha pregunta, (inintelixible), esa cuestión que vostede dí que vai a preguntar, vainos contestar, no proximo pleno

Sra. Alcaldesa: pero con respecto a que?

Sr. Perez:  pois por exemplo no tema do glisofato.

Sra. Alcaldesa: Si, claro.

Sr. Pérez: Vostede dí vou a preguntar pero despois nunca nos contesta nun pleno posterior.

Sra. Alcaldesa: Pois pregúnteme para o seguinte pleno, que non me vou acordar, pois me pregunta… pregunteille no pleno anterior esto, e eu lle contesto.

Sr. Pérez: Unha última pregunta, porque non se está gravando este pleno?

Sra. Alcaldesa: Pois o dixen antes, ao inicio, porque faleceu un familiar directo de Belén

Sr. Pérez: vale pero... (inintelixible) non hai suplentes...

Sra. Alcaldesa: para que?

Sr. Pérez: digo eu no equipo de ... (inentilixible)

Sra. Alcaldesa: De donde? no equipo de goberno, é dicir os concelleiros...

Sr. Pérez: de... gravación non hai suplentes, non temos banquillo?

Sra. Alcaldesa: non, aquí non hai suplentes, non temos banquillo. Está máis que xustificada a razón pola que non se grava hoxe o pleno, é dicir está gravado en audio e se vai a ter a correspondente acta e non é obrigatorio o tema de gravarse a través das redes sociais. Evidentemente non teño outra persoa que grave e que suba, é ela a que está encargada das redes sociais, a que controla e que realiza ese traballo, vale?

Sr. Domínguez Louro: en calquer caso trasládelle as nosas condolencias

Sra. Alcaldesa: Pois llas darei, moitísimas gracias.

Ás 21:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



FIRMADO POR Rocio Hermida Cancela (FECHA: 23/08/2021 12:58:00) , Margarita Lamela Louzán (FECHA: 23/08/2021 14:20:00)
Versión imprimible
CVD: OBrMKErrpAYm38tlHtZm
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.